



## ASUNTO: LISTAXE TRIMESTRAL DE QUEIXAS E RECLAMACIÓNS DOS MESES DE ABRIL, MAIO E XUÑO DO ANO 2018.

Vistas as solicitudes de reclamacións e as suxestións achegadas no período comprendido entre os meses de abril a xuño do presente ano, ao abeiro do establecido no artigo 168 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións do Concello de Pontevedra (Texto Refundido con modificacións publicadas no BOP núm. 208, de 27 de outubro de 2008, BOP núm. 47, de 10 de marzo de 2009 e BOP núm. 91, de 12 de maio de 2011). Emítese listaxe trimestral das reclamacións e suxestións tramitadas na oficina de información e atención ao cidadán, das que non foron admitidas a trámite e das tramitadas noutros servizos obxecto de seguimento pola dita oficina.

### 1. RELACIÓN DE QUEIXAS TRAMITADAS NA OFICINA DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO CIDADÁN

Núm.	EXPTÉ.	SERVIZOS	TRÁMITES	SOLUCIÓNS
1	<b>2018/SUXRECLA/000006</b> Queixa polo proceso de selección aos postos de despacho de billetes do Pazo da Cultura e Teatro Principal.	Pazo da Cultura	Rexistro 12/01/2018 Iniciación 15/01/2018 Informe 12/03/2018 Notificación 10/04/2018 Intento de Notificación 5/03/2017 e 23/04/2018 Mensaxe electrónica 15/06/2018 Arquivo 03/07/2018	Remítese o informe da directora-xerente do Pazo da Cultura e da empresa contratada polo organismo autónomo <i>Pazo de Congresos e Exposicións</i> para a prestación do servizo de persoal das billeteiras do Teatro Principal e Pazo da Cultura, cuxo contido da conta que no proceso non só se valoraron perfís con discapacidade, e que as preguntas relativas as cargas familiares son froito da dispoñibilidade horaria, entre outros termos.
2	<b>2018/SUXRECLA/000009</b> Suxestión solicitando retirar as esaxeracións raciais nos actos das Festas do Nadal	Servizo de Cultura	Rexistro 18/01/2018 Iniciación 18/01/2018 Solicitud de informe 23/02/2018 Notificación negativa 8/06/2018 Mensaxe electrónica 2/07/2018 Recepción pola interesada 2/07/2018 Arquivo 3/07/2018	Comunícase que a práctica do pintado da faciana ao rei Baltasar non se produce en ningunha das actividades realizadas por este Concello. Sen prexuízo do traslado da súa queixa á concelleira de Promoción da Cidade e ao presidente da Asociación Centro Comercial Urbano Zona Monumental, responsable da organización do programa <i>Ponte Xogos</i> .
3	<b>2018/SUXRECLA/000010</b> Solicita limpeza de solar situado na parte posterior do domicilio da rúa Angel Amor Ruibal	Disciplina Urbanística OTMAIES	Rexistro 20/01/2018 Iniciación 22/01/2018	Este expediente é de Disciplina pero o remitiron a enxeñeira do Servizo de Medio Ambiente Urbano para que o informe. 2017/MALEZAS/000177 Pendente do informe solicitado
4	<b>2018/SUXRECLA/000018</b> Reclamación manifestando desconformidade con intervención a usuaria dos servizos sociais deste Concello	Oficina Técnica de Servizos Sociais	Rexistro 6/02/2018 Iniciación 6/02/2018 Informe 13/07/2018 Notificación 17/07/2018	Infórmase que derivado do seu estado de saúde e durante o mesmo período de vixencia da prestación da RISGA, se da trámite á pensión non contributiva de invalidez, pensión que lle ven recoñecida favorablemente. E que o procedemento seguido pola traballadora social de referencia foi o adecuado ante a demanda de intervención da usuaria.
5	<b>2018/SUXRECLA/000020</b> Queixa polo ruído procedente do establecemento "La Pomada"	Disciplina Urbanística	Rexistro 8/02/2018 Iniciación 9/02/2018 Informe 18/05/2018 Notificación 6/06/2018 Recepción da notificación 13/06/2018 Arquivo 14/06/2018	Infórmase que coa data 14/8/2015, por causa dunha denuncia, requíruselle ao responsábel da actividade a adaptación a licenza concedida no referente ao equipo de reprodución musical do local, e comunicar este o cumprimento do requirimento, a inspectora da Oficina Técnica de Licenza e Inspección (OTLI) manifestou que o equipo musical axustábase ao da licenza e procedía ao precinto do limitador.
6	<b>2018/SUXRECLA/000029</b> Queixa por montaxe de carpa na Praza do Concello con motivo da celebración do Día de San Patricio	Servizo de Deportes	Rexistro 15/03/2018 Iniciación 20/03/2018 Notificación 7/05/2018 Arquivo 8/05/2018	Comunícase visto o escrito remitido, que esta concellaría agradeceríase as suxestións expostas e comprométese a estudalas para seren tidas en conta nas vindeiras edicións da antedita festa.
7	<b>2018/SUXRECLA/000033</b> Queixa por non ser atendido por	Servizo de Benestar	Rexistro 28/03/2018 Iniciación 9/04/2018	Remítese o informe do xefe de Servizo, resultando imposible determinar se a anulación da mesma foi



	erro nos Servizos Sociais tendo cita previa		Informe 19/06/2018 Notificación 20/06/2018 Arquivo 8/05/2018	debida a un erro por parte do servizo ou a petición do usuario. Non foi posible que se lle atendera nese mesmo día, polo que se lle ofreceu unha nova cita coa mesma traballadora social tres días hábiles despois, se ben non acudiu a mesma.
<b>8</b>	<b>2018/SUXRECLA/000036</b> Suxestión para a inclusión das tarifas destinadas as persoas con discapacidade nos pregos do contrato de adjudicación do complexo deportivo de Campolongo	Servizo de Deportes	Rexistro 26/04/2018 Iniciación 26/04/2018	Pendente do informe.
<b>9</b>	<b>2018/SUXRECLA/000037</b> Queixa pola actuación dun axente da policía local en relación a presenza dunha mascota nas dependencias do Concello	Policía Local	Rexistro 12/04/2018 Iniciación 26/04/2018	Pendente do informe.
<b>10</b>	<b>2018/SUXRECLA/000040</b> Queixa polo funcionamento do centro de día para persoas maiores Saraiva	Disciplina Urbanística	Rexistro 23/03/2018 Iniciación 26/04/2018 Informe 10/7/2018 Notificación 10/07/2018	Remítase a información contida no informe relativa ao expediente de licenza e a incoación de expediente de reposición da legalidade, no que a propiedade formula alegacións. Cabe salientarse que as/os veciños/as denunciante/as, foron notificados da incoación do expediente de reposición, en virtude de interesados e coñecen o estado do expediente.
	<b>2018/SUXRECLA/000041</b> Suxestión polo estado da Rúa da Seca á altura do número 59	Concellaría de Sostemento de Espazo Públicos	Rexistro 2/05/2018 Iniciación 4/05/2018 Notificación 4/05/2018 Xustificante da recepción 15/05/2018 Arquivo 16/05/2018	Comunicase que a intensificación dos traballos de mantemento do pavimento está en marcha, xa se está actuando, por exemplo, nas rúas Eduardo Pondal ou Rosalía de Castro e irá a mais nos vindeiros días
<b>11</b>	<b>2018/SUXRECLA/000042</b> Queixa por actuación da policía local no lugar de Estribela o día dous de maio de 2018	Policía Local	Rexistro 4/05/2018 Iniciación 7/05/2018 Informe 29/05/2018 Notificación 30/05/2018 Recepción 8/06/2018 Arquivo 9/06/2018	Remítase segundo o informe, que a actuación dos axentes no lugar foi a correcta, posto que este vehículo se atopaba mal estacionado, dentro dunha zona onde se prohíbe estacionar os mércores e martes vésperas de festivo por mor da celebración do "mercadillo", xuntase fotografía da sinalización existente no punto concreto ao que fai referencia o solicitante.
<b>12</b>	<b>2018/SUXRECLA/000043</b> Reiterase suxestión para que o concello interceda no transporte de viaxeiros en Cerponzóns	Concellaría de Mobilidade	Rexistro 7/04/2018 Iniciación 9/05/2018 Notificación 30/05/2018 Recepción 23/05/2018 Arquivo 24/05/2018	Infórmase que Concello de Pontevedra propón crear unha mesa técnica bilateral na que participen a Xunta e o consistorio para deseñar un plan de transporte na cidade e a súa comarca. Agárdase que a Comisión Técnica Bilateral que se propuxo estea constituída antes do próximo 30 de xuño.
<b>13</b>	<b>2018/SUXRECLA/000044</b> Queixa polo exceso de velocidade dos vehículos que circulan pola rúa Palamios	Policía Local	Rexistro 26/04/2018 Iniciación 10/05/2018 Notificación 23/07/2018	Dende a concellaría agrádeselle o seu interese e infórmase que se terá en conta, tanto no ámbito da mobilidade peonil como na reordenación do tráfico rodado e as necesidades da mellora na accesibilidade.
<b>14</b>	<b>2018/SUXRECLA/000045</b> Suxestión para apertura dun aula de estudo nas fins de semana e festivos	Servizo de Cultura	Rexistro 10/05/2018 Iniciación 11/05/2018	En tramitación
<b>15</b>	<b>2018/SUXRECLA/000046</b> Solicitude de paso de peóns no barrio de Monteporreiro que facilite o acceso das persoas con dificultade de mobilidade	OTA	Rexistro 11/05/2018 Iniciación 11/05/2018 Notificación 30/05/2018	Mantida conversa telefónica coa interesada, Remítase traslado da solicitude á Oficina Técnica de Arquitectura.
<b>16</b>	<b>2018/SUXRECLA/000047</b> Solicitude de veciños da Cendona, relativa a alta na rede xeral de abastecemento de auga nos seus inmobles	AMAPO Concellaría delegada da parroquia	Rexistro 14/05/2018 Iniciación 18/05/2018 Notificación 30/05/2018 Arquivo 18/06/2018	Comunicase que proximamente realizarase a sinatura do contrato da nova concesión do abastecemento e saneamento municipal, que inclúe como data límite para completar o saneamento, un período de tres anos. Comezarase polas zonas que carecen deste servizo e polas que están por rematar, como é o caso de Lárez e de Verdúcido
<b>17</b>	<b>2018/SUXRECLA/000048</b>	Disciplina	Rexistro 21/03/2018	Remítase contido do informe do xefe do Servizo de



	Queixa por non ter obtido resposta á reclamación de data 20/02/2017 no exp. D.U. 10/94	Urbanística Contratación OTAP	Iniciación 21/05/2018 Informe 13/07/2018 Notificación 17/07/2018	Disciplina Urbanística. Compróbase que tras ditar a total demolición do muro no ano 1995, o TSXG confirmaría en 1998 a resolución municipal. Advírtese que dende a resolución municipal na que se determinaba a completa demolición das obras denunciadas, superouse o prazo de 15 anos. Polo que agás a existencia doutro criterio en Dereito, quen asina entende que non procede executar as obras de demolición previstas.
18	2018/SUXRECLA/000049 Suxestión relacionada coa ampliación do rango de idade nos requisitos de acceso aos cursos de formación	Servizo de Benestar e Promoción Económica	Rexistro 21/05/2018 Iniciación 28/05/2018 Informe 14/07/2018 Notificación 19/07/2018	Remítese o informe comunicando que o Concello nestes intreos esta a desenvolver catro acción formativas diferentes no Proxecto ILES VI con eses requisitos. Pero as accións formativas que se desenvolven directamente van destinados ao público en xeral, sin por límite por idade.
19	2018/SUXRECLA/000050 Reiteración de queixa demandando a tramitación dunha ordenanza de circulación das bicicletas		Rexistro 27/03/2018 Iniciación 29/05/2018 Notificación 30/05/2018 Arquivo 13/06/2018	Infórmase que o Concello de Pontevedra tramita unha nova Ordenanza de Mobilidade. Na que se contemplan aspectos como que todos os vehículos (bicicletas incluídas) han de circular pola calzada, e nos espazos de convivencia teñen que circular á velocidade do peón, cun máximo de 5km/h.
20	2018/SUXRECLA/000051 Queixa pola alimentación a animais nas rúas da cidade, que realiza unha veciña a diario, lixando estes espazos públicos	Servizo de Medio Ambiente Natural	Rexistro 29/05/2018 Iniciación 31/05/2018	Pendente de reunión da concelleira de Sanidade Animal e a técnico de Medio Ambiente Natural coa denunciada.
21	2018/SUXRECLA/000052 Queixa pola que se reclama a viabilidade dun solar logo dunha cesión ao Concello	Dirección Xeral de urbanismo	Rexistro 23/05/2018 Iniciación 5/06/2018 Notificación 6/06/2018 Arquivo 13/06/2018	Comunícase que o PXOM, despois de diversos trámites quedou paralizado en xaneiro de 2010. Xa superou a fase da 1ª exposición pública e a seguinte fase consiste na aprobación do documento pola Corporación. Unha vez se produza, o Plan Xeral estará listo para recibir as alegacións de entidades públicas e particulares. Como paso final, debe ser aprobado pola Xunta de Galicia.
22	2018/SUXRECLA/000053 Achega suxerencia para a instalación dun ximnasio ao aire libre na zona de Monteporreiro	Concellaría de Deportes	Rexistro 8/06/2018 Iniciación 11/06/2018	En tramitación
23	2018/SUXRECLA/000054 Queixas dos veciños das rúas García Filgueira e Devesas polo ruído producidos pola actividade dun ximnasio	Servizo de Disciplina Urbanística	Rexistro 11/06/2018 Iniciación 14/06/2018 Informe 10/07/2018 Notificación 17/07/2018	Infórmase que o enxeñeiro industrial, tras xirar visita de inspección, advirte que certas actividades que se están a desenvolver no ximnasio, como a corda batida, poderían supoñer rúidos ou vibracións susceptibles de transmisión, polo que estima que se debería requirir ao titular do local para que aportase unha nova memoria acústica detallada na que se recollan todas as fontes sonoras.
24	2018/SUXRECLA/000055 Suxestión para a elaboración dun proxecto para a humanización da rúa Domingo Andrade desta cidade	Concellaría de Sostemento de Espazos Públicos e Obras.	Rexistro 14/06/2018 Iniciación 18/06/2018 Notificación 18/07/2018	Comunícase que dentro das obras de mellora da mobilidade, accesibilidade e seguranza viaria no ámbito urbano estaría: A Moureira: Ribeira dos Peiraos e Campo do Boi e rúas adxacentes.
25	2018/SUXRECLA/000056 - 2018/SUXRECLA/000057 Suxestión comunicando posibles solucións entre a ponte das palabras e a n-550 para peóns e bicicletas e proposta de melloras da sinalización e estratexias seguras para os usuarios de bicicleta.	Concellaría de Sostemento de Espazos Públicos e Obras.	Rexistro 14/06/2018 Iniciación 27/06/2018 Notificación 20/07/2018	Comunícase que os informes aportados, serán tidos en conta dende esta Concellaría e procederemos a realizar o seu estudo, coa participación dos técnicos municipais e da Policía Local, tanto no ámbito da mobilidade peonil como na reordenación do tráfico rodado e as necesidades da mellora na accesibilidade.

### 3. RELACIÓN DE QUEIXAS DERIVADAS A OUTROS SERVIZOS POLA OFICINA DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN AO CIDADÁN

	EXPT.	SERVIZOS	TRÁMITES	SOLUCIÓNS
1	2018/SUXRECLA/000034 Reiterando a colocación de colector de lixo noutro lugar	Servizo de Medio Ambiente Urbano	Rexistro 30/03/2018 Iniciación 9/04/2018 Traslado 7/05/2018 Arquivo 10/07/2018	Tras realizar varias notificacións de similar contido, remítese directamente ao servizo responsable.
2	2018/SUXRECLA/000035 Reitera acondicionamento de camiño no lugar de lusquiños	Urbano	Rexistro 4/04/2018 Iniciación 9/04/2018 Traslado 7/05/2018	Este servizo considera tramitala coa consideración de solicitude, na que se pretende o recoñecemento dun particular e concreto dereito. Polo que dispuxo



				a remisión ao Servizo de Medio Ambiente
<b>3</b>	<b>2018/SUXRECLA/000038</b> Solicitude para revisar os elementos de calmado de tráfico no lugar de Freixeiro	Oficina Técnica de Arquitectura	Rexistro 11/04/2018 Iniciación 21/05/2018 Traslado 25/05/2018 Notificación 25/05/2018 Arquivo 26/05/2018	Este servizo considera tramitala coa consideración de solicitude, na que se pretende o recoñecemento dun particular e concreto dereito. Polo que dispuxo a remisión á Oficina Técnica de Arquitectura (OTA)
<b>4</b>	<b>2018/SUXRECLA/000039</b> Solicitude dos permisos para a instalación de fibra óptica no lugar de Freixeiro	Oficina Técnica de Arquitectura	Rexistro 11/04/2018 Iniciación 21/05/2018 Traslado 25/05/2018 Notificación 25/05/2018 Arquivo 4/06/2018	Este servizo considera tramitala coa consideración de solicitude, na que se pretende o recoñecemento dun particular e concreto dereito. Polo que dispuxo a remisión á Oficina Técnica de Arquitectura (OTA)

Pontevedra, na data que figura na sinatura electrónica.

